

ANDANZAS E VISIONS DE DONA EMILIA (A LITERATURA DE VIAXES DE PARDO BAZÁN)

José Manuel González Herrán*
Universidade de Santiago
de Compostela

Sexa ou non un xénero literario¹, a literatura de viaxes é algo tan vello coma esas dúas actividades humanas —escribir ou viaxar—, ata o punto de que, como escribe Leonardo Romero (2000: 223), a viaxe é “uno de los modos de organización textual más frecuentes y productivos [...] una metáfora de los procesos de crecimiento físico y moral, del acto profundo de conocer a lo otro y del conocerse a sí mismo”. Aínda que as súas mostras máis antigas correspondan ás letras clásicas (relatos de historiadores e xeógrafos, como Xenofonte, Heródoto ou Tolomeo; poemas épicos como *La Odisea*, *Los Argonautas* ou *La Eneida*; a novela bizantina...) e continuara cultivándose na Idade Media, no Renacemento e no Barroco (*El Libro de Marco Polo*, os *Diarios* de Cristóbal Colón, as crónicas de Indias, *El viaje de Turquía*, a novela de cabalerías, a picaresca, o *Quijote*...), o que modernamente entendemos como libros de viaxes é unha creación da

época ilustrada, que acadará os seus máis logrados froitos na romántica: ó longo dos séculos XVIII e XIX decenas de viaxeiros cruzan os camiños —sobre todo de Europa, pero tamén de América—, anotando nos seus cadernos de viaxe, para trasladalo logo ás páxinas dos xornais ou dos libros, todo canto esperte a atención da súa atenta e sensible mirada: a paisaxe campestre ou urbana, os traballos e costumes das xentes, os monumentos e pegadas do pasado, sen esquece-las circunstancias e condicións da viaxe (pousadas, dilixencias, trens). Dentro do ámbito europeo, España, como país ‘exótico’, é un dos ámbitos preferidos para o viaxeiro romántico e posromántico, de modo que nas letras decimonónicas abundan as viaxes por España de autores franceses, ingleses, alemáns, rusos...² Pero tamén —aínda que poucos e xa na segunda metade da centuria— hai españois que viaxan, pola terra patria ou alén das súas fronteiras, e deixan

*Catedrático de Literatura Española.

¹ Cuestión da que aquí podemos prescindir; nun ensaio de recente publicación, que tamén comeza formulando tal pregunta, lémbrenos que “escasísimos teóricos actuales sostienen la entidad de los ‘libros de viaje’ como género autónomo” (Romero Tobar, 2000: 224).

² *Vid.* unha rica información bibliográfica ó respecto nas notas da “Introducción” do libro de Ortas Durand (1999: 9-20).

testemuño escrito das súas andanzas e impresións; entre eles destaca de xeito moi notable Emilia Pardo Bazán (1851-1921).

Como é ben sabido, a escritora coruñesa cultivou tódolos xéneros literarios e con notable fortuna na maioría dos casos: universalmente estimada como novelista e autora de contos, non son menos valiosas as súas contribucións á crítica e a historia literaria ou ó xornalismo, as súas incursións ensaísticas en campos como a pedagogía, a historia, a biografía, a criminoloxía ou a arte culinaria...; sen esquece-los seus menos coñecidos intentos poéticos e teatrais. Quen —non sen razón— foi considerada a máis europea das nosas escritoras, cultivou tamén a literatura de viaxes, referindo con aguda observación e suxestivo estilo as súas andanzas por diversas rexións de España e países de Europa: á parte de bastantes artigos dispersos en xornais e revistas, aínda pendentes de recompilación, dedicou varios libros a este xénero: *De mi tierra* (1887), *Mi romería. (Recuerdos de viaje)* (1888), *Al pie de la Torre Eiffel* (1889), *Por Francia y por Alemania* (1889), *Por la España pintoresca* (1896), *Cuarenta días en la Exposición* (1900), *Por la Europa católica* (1902); ós que hai que engadir outro, escrito en 1873 e que nunca chegou a publicar, que sería a súa primeira obra neste xénero, e non só lle interesaba como autora, senón tamén como lectora: Ana María Freire

(1999: 204) recorda que “ya en una de sus tempranas estancias en París dedicó bastantes horas en la Biblioteca Nacional a un estudio que confiesa fue de los que más le entretuvieron y que consistió ‘en registrar libros de viajes de los siglos XVII y XVIII’³.”

Aínda que, como veremos, dedicou bastantes páxinas ás súas andanzas españolas, a maior parte dos seus escritos neste xénero ocúpense dos diversos países europeos (Francia, Suíza, Italia, Portugal, Alemaña, Bélxica, Inglaterra...) que tivo ocasión de coñecer desde a súa primeira saída ó estranxeiro, en xaneiro de 1873. Bastantes anos máis tarde, o 12 de agosto de 1901, publicaba en *El Imparcial* un artigo titulado “Hacia la frontera”⁴, que comezaba con este grito: “¡Europeicémonos!”; e, explicando o que entendía por *europpeizarse* (“pensando, leyendo, cabe obtener la ansiada europeización”), reivindicábase como pioneira en tal empresa: “¡Apenas hace tiempo que me europeízo, y que comunico al público lo que veo en la madre Europa! [...] Sintiéndome tan acérrima española cada vez propendo más a buscar fuera de España remedios y lecciones” (18-19); só con esa actitude se poderá remedia-la perigosa tendencia ó illamento que advirte ó seu redor: “En las actuales circunstancias, nada mejor que ponernos en contacto con Europa. A fuer de país de corto resuello, de energía agotada, España sólo tiende a

3 O testemuño que aduce procede dun artigo sobre Pedro Antonio de Alarcón, en *Nuevo Teatro Crítico*, ano II, núm. 13 (xaneiro de 1892), páx. 21.

4 Recollido no libro *Por la Europa católica* (1902), por onde cito.

localismos: se ha colocado en la postura de los Budas y se mira a sí misma con estrabismo convergente" (19).

A literatura de viaxes de Pardo Bazán⁵ constitúe unha das dimensións máis atractivas da súa copiosa produción; nestes escritos a autora manifesta non só os seus extraordinarios dotes (ó describir unha paisaxe, evocar unha historia, imaxinar unha situación), senón tamén a súa ampla cultura histórica, artística e literaria, que exhibe —con ese punto de pedantería que tanto se lle ten reprochado— sempre que a visita llo permite. E é que para a nosa autora, máis aínda que obras de entretemento, os libros de viaxes son unha modalidade ensaística, na que o descubrimento de novas terras, xentes e costumes suscita consideracións de toda índole.

Por outra parte, a viaxe constitúe un elemento moi presente na escritura pardobazániana, tanto nos textos especificamente dedicados a tal xénero (que neste artigo nos ocuparán), coma nos seus relatos; Cristina Patiño recordou oportunamente que "una de sus primeras novelas [*Un viaje de novios*] hace del viaje un motivo desencadenante de la diégesis narrativa. El viaje físico del protagonista, su proceso viatorio, discurre paralelo al del discurso literario. Cuando el viaje termina, la novela finaliza"⁶; e, aínda que non tanto coma

nesta, os episodios itinerantes son fundamentais na trama argumental doutras novelas súas (*Pascual López, Los Pazos de Ulloa, Una cristiana, La prueba, El Tesoro de Gastón, El Niño de Guzmán, Misterio, La Quimera, Dulce Dueño*), por non cita-los seus moitos contos de viaxe.

Isto está relacionado, sen dúbida, coa súa peripecia vital e coas facetas máis atractivas da súa fascinante personalidade: como contou a súa biografía Carmen Bravo-Villasante, dona Emilia viaxou moito, desde a súa infancia ata case os seus últimos anos, e tirou abondoso proveito —intelectual, cultural e vital— daquela actividade. É seguro que algúns dos trazos definitorios do seu temperamento —a súa curiosidade universal, o amplo abano das súas lecturas, a variedade de xéneros que cultivou, os variados rexistros da súa vocación— obedecen precisamente a esa amplitude de miras que derivan da viaxe atenta e reflexiva.

PRIMEIROS ESCRITOS DE VIAXE (1866-1873)

Ante todo, a propósito dalgúns textos xuvenís, ós que en seguida aludirei, referidos á cidade natal da nosa escritora, ou a outros lugares do seu país galego, cabería formula-la cuestión de se deben considerarse 'escritos de viaxes' aqueles que se ocupan do

⁵ Ata agora escasamente atendida pola crítica; *vid.* no recentísimo artigo de Freire (1999) unha excelente exposición dos trazos que a caracterizan.

⁶ E comenta así a declaración prologal da autora ("habiendo de atravesar [...] toda España y toda Francia, pensé escribir en un cuaderno los sucesos de mi viaje, con ánimo de publicarlo después", en *OC. I*, 195): "Lo que no iba a ser sino un reportaje, una mera crónica (...), deviene relato narrativo de ficción" (Patiño, "El viaje...").

contorno propio do autor; aínda que non o coñeza como viaxeiro, senón como residente ou nativo, a maneira que ten de mostralo ou describilo non se diferencia moito da propia daquel xénero: son guías de forasteiros cuns obxectivos que hoxe cualificaríamos de turísticos. En todo caso, como comentarei logo, o interese deses primeiros textos 'turísticos' da que co tempo será incansable viaxeira consiste en advertir cómo xa se manifesta neles o seu sentimento da paisaxe, a perspicacia das súas observacións sobre lugares, xentes e costumes, a dimensión reflexiva (evidente herdanza do *viaxeiro ilustrado* da centuria anterior) que sempre tingue a súa atenta mirada.

O máis antigo texto 'turístico' que coñecemos da nosa autora corresponde a unha das súas temperás obras de ficción narrativa, a novela *Aficiones peligrosas*, que comezou a publicar —non sabemos se a concluíu— no xornal pontevedrés *El Progreso* no verán de 1866 (isto é, cando aínda non cumprira quince anos); o capítulo III principiaba con estes comentarios acerca das belezaas dalgunhas paisaxes galegas:

Siempre he sido muy apasionada de mi país, y no sé si consistirá en que es bello o en que el cariño que le tengo lo embellece a mis ojos; pero [...] detesto la manía de enaltecer lo ajeno e ir a buscar fuera lo que tan próximo se tiene. Galicia posee lo que no otros países, todas las clases de belleza que se pueden concebir en paisaje.

Para los aficionados a perspectivas melancólicas y grandiosas, existen en las cercanías de Ferrol sitios en los cuales el mar rugiente se estrella en rocas cortadas a pico y de altura fabulosa; montes inmensos de escuetas laderas salpicados de siniestros pinos y arcos tajados en la roca viva por debajo de los cuales pasa el mar como un gigante vencido y humillado.

Si se buscan paisajes delicados y alegres, sitios pintorescos donde no falte molino, río, árboles, casitas blancas y vacas pastando pacíficamente en prados de un verde manzana encantador, preciso es dar una vuelta por las graciosas inmediaciones de Betanzos [...]

Y por último, si se desea admirar el más delicioso y romántico país, la Italia y la Andalucía armoniosamente fundidas, el cielo más puro, el aire más tibio y perfumado de Galicia, todo se encuentra en la deliciosa vega del Lérez, donde se asienta la risueña Pontevedra.

Apuntes de un viaje. De España a Ginebra, 1873.

Contaba Pardo Bazán nos seus *Apuntes autobiográficos* (1886)⁷ que, a raíz do fracaso da instauración monárquica de Amadeo I, en 1873, a súa familia coidou prudente afastarse por algún tempo daquel inestable escenario político e visitar diversos países europeos: "fue un hermoso viaje, bien aprovechado, y en el cual resurgió mi vocación llamándome con dulce imperio [...] sobre las mesas de las fondas, sobre mis rodillas en el tren, con plumas comidas de orín y lápices despuntados, tracé mis primeras páginas en prosa, el indispensable *Diario de viaje*, que no se me ocurrió publicar, ni lo merece" (OC,

⁷ Recollidos agora no tomo II das *Obras Completas* (Madrid: Biblioteca Castro, 1999, páxs. 5-59), por onde cito.

II: 22). Pois ben, aínda que na miña opinión si o mereza —e acaso a súa autora considerou facelo⁸—, ese diario de viaxe nunca chegou a publicarse e a súa existencia era descoñecida ata datas recentes: entre os papeis de dona Emilia depositados na sede coruñesa da Real Academia Galega encóntranse uns *Apuntes de un viaxe. De España a Ginebra* (así titulados no manuscrito), dos que ofrecín noticia e primicias en setembro de 1996⁹.

Tras aquel título, e a precisa indicación do día en que se inicia, “1º de Enero de 1873”, comeza así: “Para no faltar desde el primer día a la palabra que os he dado de no omitir en estos rápidos apuntes el más pequeño detalle de mi viaje, mi cuaderno preparado y mi lápiz cortado recientemente descansaban en mis rodillas cuando la diligencia se puso en marcha” (en González Herrán, 1999: 180). Desde Ourense e nesa dilixencia, os expedicionarios (Emilia, os seus pais, un tío e mailo seu esposo) diríxense, por Allariz, Xinzo de Limia, Verín, o difícil paso das Portillas e Puebla de Sanabria, ata Zamora, onde tomarán o tren para Burgos; o relato destas primeiras páxinas está salferido —coma todo o

escrito— de evocacións histórico-artísticas, escenas e noticias costumistas e digresións políticas que translocen claramente as súas simpatías carlistas e a súa hostilidade ás consecuencias da *Gloriosa*. Pero tamén hai exemplos da arte literaria da autora aínda moza, como amosan estas dúas descricións paisaxísticas; respectivamente, da montaña galega e, en notable contraste, da chaira e as vilas castelás:

El imponente puerto estaba vestido de gala, como para festejarnos a nosotros, o tal vez al año que empieza. Sábanas de nieve de deslumbradora blancura vestían sus áridas crestas, y graciosas cascadas rompían aquí y allá la grandiosa monotonía del paisaje, haciendo brillar con mil colores el verde musgo y las negras rocas. Estas montañas deben ser muy tristes en verano: pero ahora, con este sol naciente y esta nieve immaculada, tienen un no sé qué de reposado y grandioso que habla a la imaginación.

[...]

El paisaje comienza a ser árido, y los interminables llanos de Castilla fatigan la vista con su seca monotonía. En lugar de los copudos castaños y de las risueñas aldeitas gallegas, desfilan ante nosotros pueblos con casas grises y terrazas, a cuyas ventanas se asoman mujeres de rostro moreno y dientes blancos como la nieve que nos miran pasar con curiosidad (181).

8 A redacción do manuscrito autógrafo ó que en seguida aludirei é fluída e segura, con poucas correccións, tamén autógrafas, todas en tinta máis grosa e algo corrida, como feitas con distinta pluma nun momento diferente: delas parece deducirse un intento de mellorar —ortográfica, léxica e estilisticamente— o texto, con vistas a unha posible publicación; intención que acaso se abandonou pronto xa que as correccións, aínda que escasas, son máis frecuentes nos pregos iniciais. Son 35 pregos de papel raiado, numerados na marxe superior dereita: desde o 1º ó 17º, indícase “Pliego (ou a abreviatura Pº) 1º, 2º, 3º...”; do 18 en diante, só o número; faltan os pregos 33 a 36 e o manuscrito interrómpese bruscamente no 39: non sabemos se porque se suspendeu a súa escritura ou porque falte o que seguía. Dado que cada prego consta de catro páxinas —agás un, que só ten escritas dúas—, o manuscrito alcanza as 138 páxinas (cun total aproximado de 44.000 palabras) de elegante e moi lexible caligrafía.

9 Nunha comunicación presentada no Simposio Internacional sobre Literatura de Viaxes (Fundación Ortega y Gasset-The Ohio State University) en Toledo, e recollida en González Herrán, “Un inédito...” (1999).

Logo duns días de visita á cidade do Cid, a viaxe continúa en tren ata Francia: Baiona, Biarritz, Bordeos e París. Neste punto o texto recolle as súas intencións: fronte ós que alí pasan algúns días, mercan regalos, pasean polos bulevares e regresan contando que estiveron en París, ela dedicará tres meses a “estudiarlo a fondo”; non na súa “fisonomía material”, que pode coñecerse a través das fotografías, senón en “su aspecto moral”, para comprobar quén ten razón: se os que opinan que é “el cerebro del mundo”, ou os que a apostrofan como “moderna Babilonia” (182). En consecuencia, estes pregos dedicados a París son amais da parte máis extensa, a máis interesante destes *Apuntes*.

As súas visitas (as Tullerías, a Praza do Carrousel, o Louvre e outros museos, o cemiterio do Père Lachaise, a Morgue, o Panteón, Nôtre-Dame, os calabozos da Conciergerie, a Sainte-Chapelle, os Inválidos, Versailles) permítenlle explicar, con alardes eruditos e comentarios políticos de índole monárquico-conservadora, a historia e a arte da capital de Francia, ou rememorar, facendo gala de notables dotes narrativos, algúns dos seus episodios. Pero tamén se interesa, con atención e perspicacia, polos demais aspectos da vida cidadá: o balbordo de rúas e bulevares, a mestura de mendigos e *demi-mondaines*, o próspero comercio dos Grandes Almacéns que venden de todo, a publicidade da rúa, os bailes de Entroido, o seductor ambiente do Bois de Boulogne, as carreiras de cabalos, as cele-

bracións da Semana Santa e a Pascua, as festas e mercados populares... Sobre tódalas cousas, é o teatro o que lle interesa preferentemente: tres densas páxinas dedica ós moitos espectáculos que tivo ocasión de ver: ópera, teatro clásico e moderno, comedia cómica, comedia de maxia, cafés cantantes, circos de cabalos, os bufos, o vodevil, “las Folies”, o teatro para nenos, onde traballan bonecos que non o fan peor ca algúns actores... “Tendría que ocupar muchas resmas de papel y en consecuencia pasar del límite de estos apuntes, si fuese a transcribir todo lo que he visto, observado y recorrido en París”, reconece. Pero tamén advirte que, ó longo destes tres meses, os seus ollos sempre estiveron “amorosamente fijos en mi amada patria, en la cual pasaban graves acontecimientos” (a abdicación de Amadeo de Saboya e a proclamación da República). “Aunque parezca imposible —engade—, España está entregada a los horrores de una anarquía mayor aún que antes. Lo malo es susceptible de aumento siempre”. Os viaxeiros dan por rematada a súa estada en París para face-la proxectada viaxe a Suíza, “donde nos espera la alta honra de visitar a S. M. la Reina”. Pero antes de abandona-la capital, “no puedo resistir el deseo de hacer un corto análisis de la fisonomía moral, como he hecho un boceto de la física [...] ¿Qué efecto han producido en París las últimas catástrofes, la guerra y la Commune?” (184). A responder e explicar isto dedica cinco interesantísimas páxinas, fundamentais para

coñece-lo pensamento da nosa autora neses anos.

O próximo destino dos viaxeiros —e principal meta da súa peregrinación, segundo declara o título destes *Apuntes*— é Xenebra, onde reside dona Margarita de Borbón y Borbón, esposa do que os seus partidarios chaman Carlos VII, o Duque de Madrid. No minucioso relato das repetidas visitas á “augusta Señora” mostra a autora o seu fervor carlista e a súa devoción por aquela familia, especialmente polos nenos: a infanta dona Blanca e don Jaime, o Príncipe de Asturias¹⁰. Trala despedida, este é o comentario da moza carlista: “Podrá el rey en su palacio, rodeado de su corte espléndida, imponer por la exterioridad a la vista; pero cuando desposeído de su trono, guarda su legitimidad, su dignidad, la abnegación de sus súbditos fieles y adictos, ¡oh! entonces no impone a los ojos, pero se graba en el corazón” (185). Á parte desas visitas, o texto comenta outros aspectos da cidade (Xenebra é cidade de traballo, non de pracer, e lugar de acollida de toda clase de estranxeiros), unha excursión en barca polo lago Léman e as paisaxes montañosas que desde el se divisan.

A parte final dos *Apuntes* refire en ameno relato as etapas italianas da viaxe: en Torino teñen ocasión de coñecer persoalmente o exiliado Amadeo de Saboya; en Milán visitan a catedral, a galería Vittorio Emmanuelle, o

museo de Brera; e como o Teatro da Scala está pechado “después de haber hecho caer a silbidos el *Lohengrin* de Wagner” (185), consólanse asistindo no Teatro *della Verne* á representación de *I promessi sposi*, ópera estreada poucos días antes. A estancia en Verona, minuciosamente detallada, aparece salpicada de alusións, referencias e citas á historia de Romeo e Xulieta, a través de Shakespeare e de Gounod. Lamentablemente, faltan no manuscrito catro pregos, os dedicados a Venecia; a seguinte cidade visitada é Trieste; “Trieste me es querido y lo saludo con afección, porque encierra dos recuerdos gloriosos, tristes, caros a España: una Reina y una tumba: la reina es doña María Teresa de Braganza, princesa de Beira, segunda mujer de Carlos V; la tumba es la de Carlos VI, conde de Montemolín. Debo saludos a la primera y rezar en la segunda” (185-186); con tal declaración xustifica esta etapa na súa peregrinación. Tras unha visita ó palacio de Miramar, onde evoca o recordo de Maximiliano, na catedral ten ocasión de anova-la súa fidelidade carlista ante “estas ilustres cenizas, estos restos españoles”. Cumprido este compromiso, Dona María Teresa, anciá que raia nos oitenta anos, recíbeos na súa residencia; alí reitéranse as declaracións de afirmación tradicionalista, os lamentos polos males da patria distante, as lecturas de poemas, os retratos dedicados...

¹⁰ Anos máis tarde, dona Emilia probaría esa devoción impondo os nomes de Jaime e Blanca (máis exactamente, María de las Nieves) ós seus dous primeiros fillos.



Emilia Pardo Bazán ós 23 anos.

Aquí conclúe o conservado do manuscrito: a brusca interrupción da frase na derradeira liña deste prego 39 fai pensar que o texto continuaba no 40 e acaso noutros. Sexa por perda destes ou por suspensión da súa escritura, falta o relato da seguinte e etapa final do periplo, na que os viaxeiros habían ter ocasión de contemplar “en la gran Exposición de Viena los adelantos de la industria”. En todo caso, inconclusos ou non, estes *Apuntes de un viaje* quedaron inéditos, coma outros textos desa época, moi comprometidos con ideas logo abandonadas (“fiebres políticas que me calentaron la cabeza cuando

tenía pocos años”, dirá en *Mi romería* [1888: 146]); pero conservounos coidadosamente entre os seus papeis. En calquera caso, e recoñecendo as evidentes limitacións destes *Apuntes de un viaje. De España a Ginebra* (escritos cando a autora non cumprira os 22 anos e só publicara algúns relatos e versos na prensa periódica), semella xustificoado o rescate do que sería o primeiro libro da súa autora.

Se ben parece que, tras aquel periplo europeo, a moza Emilia realizou algún outro, non coñecémo-lo que moi probablemente escribiu a este propósito; no mesmo arquivo pardobazaniano da RAG hai un documento moi directamente relacionado con estas viaxes, que confirma, precisa e completa aqueles itinerarios; trátase dunha folla con estas anotacións¹¹:

Alrededor de la civilización

De Orense a Zamora - De Zamora a Burgos - De Burgos a Bayona - De Bayona a Biarritz - De Biarritz a Bayona - De Bayona a Burdeos - De Burdeos a París - De París a Ginebra - De Ginebra a Turín - De Turín a Milán - De Milán a Verona - De Verona a Venecia - De Venecia a Trieste - De Trieste a Viena - De Viena a Verona - de Verona a & -
De Santiago a Tuy - De Tuy a Lisboa - De Lisboa al Havre - Del Havre a Calais - De Calais a Douvres - De Douvres a Londres - De Londres a & & &

Evidentemente, o primeiro parágrafo reconstrúe con exactitude o itinerario relatado nos *Apuntes de 1873*; e

¹¹ Cito segundo a transcripción de Pilar Freire Novo, alumna dos meus cursos de doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela, que atopou ese texto como parte das investigacións que dirixo sobre o Arquivo Documental de Emilia Pardo Bazán.

aínda que tamén a súa conclusión resulte imprecisa (o signo &, etcétera, non resolve qué etapas seguiron ás indicadas), é claro —se a nota é, como parece lóxico, posterior ás viaxes e non a ruta prevista— que houbo visita a Viena e ata unha segunda estancia en Verona. É máis: este documento parece o guión dun libro de ambicioso título, *Alrededor de la civilización*, que reuniría os *apuntes* aquí comentados e mailos doutra viaxe a Portugal, Francia e Inglaterra.

DE 1878 A 1887

Nos anos que seguen a afección viaxeira da autora deberá limitarse ós seus ámbitos máis próximos, pero a súa vocación por aquel xénero maniféstase neses textos que denomíneis turísticos, referidos ó seu país natal. O primeiro é unha serie de cinco entregas, “Galicia y sus capitales. (Fisonomías cívicas). La Coruña”, aparecidas entre decembro de 1878 e xaneiro de 1879 no ourensán *El Heraldillo Gallego*: os seus parágrafos iniciais expresan de xeito inequívoco as pretensións ‘científicas’ destas *fisonomías*:

El que con exactitud e inteligencia estudie las poblaciones gallegas, podrá componer un libro útil cuanto sabroso; libro cuya dificultad y mérito superarán al de las muchas obras ya escritas acerca de París, Londres y demás grandes centros del mundo civilizado [...] Apenas me ha sido dado percibir más que la fisonomía de las principales ciudades de Galicia, nunca escudriñar a fondo su verdadero carácter, sus elementos morales, su espíritu (425).

De acordo con esa declaración de intencións, o ensaio ofrece un panorama entre urbanístico e sociolóxico da súa cidade natal, da cal describe con detalle barrios e clases; ocúpase da situación do comercio e a industria locais, as deficientes comunicacións (“carecen La Coruña y Galicia de la red de ferrocarriles, que debiera enlazarlas entre sí, con Portugal y con el resto de España”, 458), a queixa polo atraso do seu país (“no es imputable a Galicia su malaventura y postergación”, 458); como en toda *guía turística*, atopámonas inevitables referencias de índole histórico-artística, a propósito dos principais monumentos da cidade, en especial a Torre de Hércules; sen que falten as comparacións alusivas e referencias ó que coñece polas súas viaxes ó estranxeiro: a *concha* da súa baía “recuerda a la perspectiva de Nápoles”, o trasfego do seu porto comercial o de Trieste, “la ciudad que he visto [lembrémo-lo seu periplo de 1873] más semejante a esta en que nací” (450) e ó comentar “la calidad y perfección de la manufactura e industria coruñesa” rememora o que viu na Exposición Universal de Viena (naquela mesma viaxe).

A pesar do que o título da serie parece anunciar, non nos consta que esta continuase coas outras capitais galegas; o máis parecido a isto que coñecemos neses anos son dous traballos de 1880: “Bocetos del paisaje gallego” e “Impresiones santiaguesas. Una joya del arte renaciente”. O primeiro deles, publicado en *La Ilustración*

Gallega y Asturiana, lembra unha excursión pola provincia de Pontevedra en datas recentes (“en el desapacible estío de 1878, en el cual sol, calor y moscas brillaron por su ausencia, deparóme Dios, sin embargo, unos días claros y benignos, que ni de encargo para jornada”). Nos parágrafos iniciais rebate o tópico que compara a paisaxe de Galicia coa de Suíza, o que lle permite recorda-la súa viaxe de 1873: “Yo me acuerdo muy bien de Suiza, de aquella vasta espumadera cuyos agujeros son otros tantos lagos, claros, celestes y pérfidos”; e, tras evoca-la visita ó Léman, recrea nestes termos o espectáculo do amencer sobre o cumio do Mont-Blanc:

Enciéndese al primer ósculo del astro con tintas de carmín la ancha meseta de la cumbre, y poco a poco va inflamándose y destellando reflejos mil, como una corona de llamas. Después descienden cataratas de lumbre refractadas en las cristalinas facetas del hielo, y sueltas en luminosa madeja cabrillean sobre la extensión del lago. Al fin se esparce la claridad por el paisaje todo y descuellan las imponentes crestas de las neveras, recortando su cándida albura encima del celaje, un tanto algodinoso, de las comarcas alpestres. Diadema de eternas nieves, cintura de sombrías coníferas y amargo líquen, faldama de lagos azules y pintorescos, esa es Suiza, no más análoga a Galicia que esta lo es, por ejemplo, a Córdoba.

Como demostración disto, o seu artigo pasa revista ás paisaxes que pode contemplar o viaxeiro no itinerario de Santiago a Vilagarcía, Carril, Caldas, Cuntis e as terras que baña o río Umia. Sirvan como mostra estas liñas correspondentes á etapa inicial:

¡Qué decoración tan grata al mirar! Cruzamos de Santiago a Villagarcía. Las ventanillas del vagón se abren sobre una triple zona de paisaje: en primer término, caserío, sotos, pinares, campanarios, las torres del Este altivas y mudas, dominando maizales y terrenos en barbecho, cuya roja y cruda tinta pugna con el verdor fresquísimos, variamente matizado, de las hierbas agradecidas a la lluvia pertinaz. En segunda línea, la ría, no azul y centelleante, sino láctea y sesga como faja de ópalo, como riachuelo en país de abanico. Y a lo lejos, en último término, montañuelas difuminadas en el vaporoso horizonte, con tonos suaves e indecisos, con leves depresiones y emergencias.

O artigo conclúe co anuncio dunha continuación (“tengan prevenida alguna paciencia para el día en que les cuente mi visita a dos ríos más: el Ulla y el Lérez”), que non sabemos se chegou a publicar.

“Impresiones santiagouesas”, máis estudio histórico ca artigo de viaxes, publicouse en diferentes revistas no verán de 1880: primeiro en *La Ilustración Gallega y Asturiana*, logo na *Revista de Galicia* e en *El Heraldillo Gallego*, para rematar recollido o volume misceláneo *De mi tierra* (1888), o primeiro libro de viaxes —aínda que non todo el o sexa— da súa autora. Segundo declara o prólogo, baixo ese título reúnense “elementos diversos, unificados por la nota común de referirse a autores, libros, monumentos y paisajes de mi tierra” (1984: 7); en efecto, a parte máis importante e extensa do libro recolle varios traballos de crítica literaria: dous importantes discursos: “La poesía regional gallega” (pronunciado na velada necrolóxica que o coruñés Liceo

de Artesanos dedicou a Rosalía en 1885) e “Feijoo y su siglo” (lido na homenaxe de Ourense ó freire beneditino en 1887); notas e recensións sobre a poesía de Lamas Carvajal, de Pondal, de Benito Losada e o *Cancionero popular gallego* reunido por Pérez Ballesteros; o polémico artigo “¿Idioma o dialecto?”, a propósito da lingua de Galicia. Xunto daqueles artigos críticos hai outros que recollen notas de andanzas por Galicia: “La casa solariega del padre Feijoo”, “Una visita a San Rosendo y su Monasterio en Celanova”, “El castillo de Sobroso”, “El país de las benditas ánimas”, “Rivas de Sil” (todos eles publicados previamente en *El Imparcial*, entre setembro e decembro de 1887), o citado “Impresiones santiagueñas”, e “Marineda” (reelaboración moi ampliada dun traballo aparecido en *El Heraldo Gallego* dez anos antes). Os publicados en *El Imparcial* corresponden a excursións de dona Emilia por terras ourensás no outono de 1887 e pertencen á modalidade que poderíamos denominar ‘turismo histórico’, no que a descrición de paisaxes e monumentos se apoia nunha evocación do pasado, mestura de información erudita e imaxinación novelesca (“¿A quién no le sucede alguna vez, al entrar en lugares que desde mucho tiempo atrás visitó con la fantasía y soñó y construyó a su manera, encontrarse chasqueado por la realidad y dar con algo enteramente distinto a lo que imaginara?”, pregúntase en “La casa solariega de Feijoo”; *De mi tierra*, 1984: 184). Sirva como mostra este fragmento do seu artigo sobre San Rosendo en Celanova,

texto no que se manifesta esa imaxinación pictórica tan característica de dona Emilia:

Quando mejor se ve con los ojos de la imaginación al obispo de la Edad Media —lo mismo que si estuviese miniado en un códice, con sus vestiduras bárbaras y fastuosas, su túnica de brocado de oro, cuyos rígidos pliegues le encierran como a una estatua o una imagen de bulto, con su mitra de forma oriental, con sus colosales anillos macizos, su báculo de marfil, todo su aparatoso ornato románico— es al tener en las manos las preseas que se guardan en el relicario del monasterio de Celanova. ¡Qué bien revive en ellas la época del Santo, y cómo parece que la tenemos delante, en solemne postura hierática, extendiendo los dedos para bendecir (*De mi tierra*, 1984: 195).

Carácter menos turístico e máis científico —como se observa nas eruditas notas ó pé de páxina— ten o traballo “Impresiones santiagueñas”, dedicado a estudar con certo detalle e alarde de datos esa xoia da arte renacentista aludida no título: un altar de mármore no compostelán convento de San Lourenzo. A descrición do monumento enféitase coa súa historia e a da nobre familia que empredeu a súa restauración. Sen desdeña-la rigorosa investigación histórico-arqueolóxica que apoia o traballo, non faltan nel as consabidas evocacións imaxinativas, que a autora recoñece como *manías*: “Noto que me pierdo en digresiones de las que siempre me sugiere la vista de cualquier piedra que haya pertenecido a un convento: dejemos ya estas inveteradas manías” (*De mi tierra*, 1984: 247).

Polo que se refire ó xénero de viaxes, “Marineda” é, na miña opinión, o

máis notable dos recollidos en *De mi tierra*; a súa base é aquel longo traballo de 1878-1879 dedicado á súa cidade natal —co novo nome que para ela acuñara—, pero moi reelaborado. Á parte dos importantes cambios e sucesos acaecidos neses dez anos (entre eles, a chegada do ferrocarril), a comparación entre ámbolos textos manifesta a maduración da arte literaria da súa autora; quen, por outra banda, a estas alturas recreara esa paisaxe urbana e social nalgúns contos e na súa novela *La Tribuna* (1883). Neste sentido, é significativo o feito de que en ningún momento o texto chame a cidade polo seu verdadeiro nome, coma se máis ca unha guía turística pretendese ser unha guía literaria, dirixida ós seus fieis lectores, que comeza así:

Quien no la conozca todavía lo bastante por la descripción de *La Tribuna*, venga conmigo y emprenda el viaje desde Betanzos por el ferrocarril (...) Al avistarse ya Marineda, no es dable reprimir una exclamación de entusiasmo. Se llega de noche; las luces del caserío señalan como inmensa hoz de oro sobre la extensión de la serena bahía, mientras el faro guiña su pupila de lumbre (*De mi tierra*, 1984: 265).

Ó longo do traballo son constantes as apelacións a ese coñecedor de Marineda (“Los píos lectores de todos mis libros en general y de *La Tribuna* en particular, recordarán...”, 266); lector dos seus relatos que, por outra parte, recoñecerá tamén o estilo e a arte da novelista naquelas páxinas dedicadas a reflectir ambientes e situacións da vida cidadá: en especial a logradísima escena —tan teatral nos seus diálogos e acoutacións— que recrea as maneiras

do “comerciante antiguo en sus ratos de mal humor”. Tales elementos, inequivocamente costumistas, constitúen a parte menor, aínda que acaso a máis interesante literariamente, do artigo; o resto está ocupado polas obrigadas explicacións e reflexións acerca da organización urbanística e social da cidade, a súa historia, comercio, industria, monumentos, costumes...; aquí é onde resulta máis evidente a débeda con aquel traballo de dez anos antes, do que proceden datos, ideas e parágrafos reproducidos con escasas modificacións: cómo era o Barrio da Pescadería segundo o testemuño dunha vella mendiga, a lufada que adoito azouta a cidade, os pestilentes cheirumes, a comparación co porto de Trieste ou cos monumentos de Compostela. A semellanza acentúase nas últimas páxinas (a Torre de Hércules, a xesta de María Pita, os burros de aluguer, os días de mercado...), que reproducen case sen cambios as dúas últimas entregas de *El Heraldo Gallego*.

MI ROMERÍA, 1888

En decembro de 1887 dona Emilia emprendía unha peregrinación a Roma —unha romería— con ocasión do xubileo sacerdotal do papa León XIII; á parte dos motivos derivados das súas conviccións católicas, ía como correspondente do diario madrileño *El Imparcial*, onde había publicar —do 19 de decembro ó 27 de febreiro de 1888— unha serie de crónicas, reunidas logo nun volume de pequeno formato e

pouco máis de 200 páxinas. Abríase cunha “Advertencia a quien leyere este libro”, onde, amais de explicar cómo se redactaran aqueles artigos (“sobre la mesa de la fonda o de algún cafetín de estación ferroviaria, mientras no servían la taza de dudoso brebaje o no llegaba el esperado tren¹². Por primera vez de mi vida he escrito así, machacando el hierro hecho ascua, sin meditar ni consultar obra alguna. Confesión que explica los defectos y también el solo atractivo de mis crónicas, que por su misma franqueza y rapidez han conseguido hacerse leer de todo el mundo”, páx. 6), xustificaba a inclusión dunhas páxinas inéditas ata entón: un “Epílogo” de dous capítulos, coa súa visita ó pretendente don Carlos en Venecia, e unha interesantísima “Confesión política” (así titulada) acerca das súas antigas conviccións carlistas e a súa actual postura ó respecto. Aquela mesma “Advertencia” inicial lembraba tamén que as crónicas suscitaran certa polémica entre aqueles que consideraron irreverentes algúns comentarios da escritora coruñesa; polémica que o libro ampliaría —agora entre os círculos carlistas— a causa deste “Epílogo”¹³.

Á parte desas cuestións, o interese das páxinas de *Mi romería* reside no

detallado relato da viaxe nos seus episodios e etapas: Madrid, Lourdes, Tolosa, Séte (que ela escribe Cette), Marsella, Ventimiglia, Xénova, Roma e as súas igrexas, o Vaticano, unha cerimonia de canonización, a audiencia papal (na que o propio Pontífice menciona perante dona Emilia a biografía de san Francisco de Asís que ela escribira), as antigüidades da Cidade Eterna, Florencia, Padua, Loreto, Venecia (onde —por certo— advirte que xa coñecía a cidade dos canais, evocando, sen a mencionar, a súa visita de 1873¹⁴). Como é usual na literatura viaxeira da nosa autora, o relato está adoito salferido de reflexións verbo de asuntos daquela candentes (a devoción de Lourdes, as relacións entre o papado e a república italiana, o carlismo). Sen esquecer que, ó ser esta unha peregrinación por motivos relixiosos, o texto ten moito de ‘confesión’, como corresponde ó que Leonardo Romero (2000: 232-236) chama “viaje formativo”; isto advírtese especialmente nas páxinas que rememoran o encontro co Papa:

Sentido, puertas del alma, por vosotros entró, ya lo sé, la emoción sublime. Mis nervios tirantes por la vigilia; los himnos celestes que como un rocío bajaban de la rotonda; la cándida aparición; la increíble belleza de este anciano coronado con la tiara, llevado entre dos abanicos de níveas plumas, semejantes a alas de sera-

12 Frase que recorda moito aquelas dos *Apuntes autobiográficos* a propósito de cómo escribira os seus *Apuntes de viaje* de 1873: “sobre las mesas de las fondas, sobre mis rodillas en el tren, con plumas comidas de orín y lápices despuntados, tracé mis primeras páginas en prosa: el indispensable *Diario de viaje*” (“Apuntes autobiográficos” en *OC*, II: 22).

13 Cfr. en Bravo-Villasante, 1973: 158-164 un detallado comentario de tal polémica.

14 “Conocía ya a la dogaresa: la había visto en todo su teatral esplendor, alumbrada por millares de fuegos artificiales y por guirnaldas de los clásicos farolillos, arrullada por serenatas melodiosísimas, y había oído de noche, a la luz de la luna, en el Gran Canal, la barcarola de *I due Foscari*, que entonaban a voces solas los gondoleros” (179).

fin, aclamado por delirante multitud; este anciano cuya cansada vida pende de un hilo; este anciano que ya no semeja cosa del mundo, sino pétalo de aquella rosa mística que cierra el paraíso dantesco; este anciano que representa a todos los mártires, confesores, vírgenes y doctores, a toda la Iglesia militante y triunfante, es lo que me ha movido de tan extraña manera. Y la expiación de mis pecados de orgullo, si alguna vez los cometí, es no atinar a decir bien lo que mejor he sentido nunca. (91)

Notemos, finalmente, algo que tampouco acostuma faltar na literatura de viaxes da autora: a dimensión que poderíamos chamar ‘narrativa’, aproveitando as posibilidades do camiño (sucesos, escenarios, personaxes) para pór de relevo os seus probados dotes na arte da ficción. Ela mesma o advirte ó comezo do capítulo “La romería en siluetas”, no que estudia *more costumbrista* os seus compañeiros de departamento no tren: “en rápidas siluetas —anuncia— presentaré alguno, a fin de indicar todo el partido que un novelista que calase hondo podría sacar de este curioso espectáculo” (páx. 22); e así o fai nos titulados “Viaje de recreo... espiritual”, “La Noche-buena en Roma” e “Dos muertes”.

AL PIE DE LA TORRE EIFFEL, 1889. POR FRANCIA Y POR ALEMANIA, 1889

En 1889 tiña lugar en París a Exposición Universal e a nosa autora, acaso polo eco que acadaran as crónicas da súa peregrinación a Roma, volve recibir un encargo similar, esta volta dun xornal americano¹⁵: trinta e oito “Cartas sobre la Exposición”, datadas entre o 7 de abril e o 8 de outubro, que se reproduciron na prestixiosa revista madrileña *La España Moderna* en xullo, agosto, setembro e outubro de 1889. No mesmo ano reuniríaa en dous volumes, cada un deles con dez e nove cartas: *Al pie de la Torre Eiffel* e *Por Francia y por Alemania* (título este que se explica porque, estando en París ó finaliza-lo verán, a cronista fai unha breve escapada ás augas de Karlsbad, pasando por Zúrich, Múnic e Núremberg). Dez anos máis tarde reunirá ámbolos libros nun só (pero con notables cambios, que aquí non podo determe a analizar¹⁶), como tomo XIX das súas *Obras completas*, baixo o título *Al pie de la Torre Eiffel*.

Segundo lembra nas liñas iniciais da súa primeira carta, París é para ela unha cidade que coñece “a fondo, casi palmo a palmo” (1), “familiarizada con

15 No “Epílogo” de *Por Francia...*, páx. 245, indica que estas son “crónicas en su mayor parte escritas para que viesen la luz en la prensa americana”; descoñecemos a qué periódico se refire, pois nin Clémessy (1973) nin Pérez Romero (1999) recollen nas súas listaxes publicacións na prensa americana. Pola súa parte, Freire (1999: 206) afirma que dona Emilia viaxou “como enviada especial de *La España Moderna*, de su amigo Lázaro Galdiano (...) para cubrir la información sobre la Exposición Universal de 1889”.

16 Segundo advirte no prólogo, suprimiu “algunos capítulos de las *Crónicas* porque versan sobre temas de literatura francesa o española, que en otros trabajos y con mayor detenimiento y reflexión he tratado después” (páx. 20); as cartas suprimidas son trece: cinco do primeiro libro e oito do segundo. Non podo determe aquí a comentar con detalle tales supresións, nin —o que sería máis interesante— as abundantes e moi significativas variantes textuais. Nos meus comentarios seguirei aquí, como máis completa, a versión de 1889.

París por diversas residencias” (25); en efecto, trala súa primeira visita de 1873, sabemos que a partir dos anos oitenta, as súas estancias na capital francesa foron tan frecuentes coma dilatadas¹⁷; por outra parte, para quen lera (por agora somos ben poucos) os *Apuntes* da súa viaxe de 1873, resulta interesante confronta-las curiosas coincidencias e discrepancias entre ámbolos testemuños (por exemplo, a evocación dos sucesos relacionados coa Bastilla, o curioso asunto das momias da igrexa de San Miguel, en Bordeos, os tapices e porcelanas francesas en comparación cos españois, as folgas de cocheiros, a visión da sociedade suíza). Pero, máis que a cidade, o que agora importa é a Exposición que alí se levanta, coa oportunidade de confrontar e compara-lo estado da industria, o comercio, a economía dos países concorrentes. O dic-tame de dona Emilia parece apuntar xa esa visión crítica que, anos máis tarde, se chamará *noventayochismo*¹⁸:

España ha aparecido en el certamen como un pueblo que tiene color local, riquezas agrícolas naturales, aptitudes varias y fecundas, y sin embargo se encuentra afligido por la decadencia lastimosa que todos vemos, que todos reconocemos —al menos verbalmente— y sobre cuyas causas se opina de tan diversos modos. Propiamente yo creo que lo de España no se puede llamar decadencia, sino desorganización o desbarajuste

general, con aleación de atonía y pereza (...) vamos de mal en peor; nos desmoronamos lentamente, piedra tras piedra, quedándonos arruinados y exangües (Por Francia..., 221).

Resulta imposible, nos límites de que dispoño, pasar detallada revista ó contido destas crónicas, que dan boa mostra da atenta curiosidade e dotes observadores da escritora coruñesa sobre os asuntos máis diversos: o famoso crime da rúa de Fuencarral, a Exposición de 1888 en Barcelona, a situación política de Francia, o conflito entre fe e positivismo, as artes menores e decorativas, a industria da guerra, a pintura española, a moda no vestuario feminino, Rusia, a India, os inventos de Edison, o que chama *Chá* de Persia, o militarismo bávaro, o balneario de Karlsbad, a música coral en Galicia..., e, por suposto, esa marabilla da enxeñería moderna aludida no título, a Torre Eiffel. Non podían faltar, en quen xa para daquela era unha das máis recoñecidas firmas da crítica española, as cuestións literarias: á parte doutros autores e temas ocasionalmente mencionados, as cartas dedican amplo espacio ó renacemento da lírica provenzal, á actual poesía francesa, ó teatro, a Sarah Bernhardt, Barbey d'Aurevilly, George Sand, Zorrilla, Bourget, Richepin, os Goncourt (ós que dedica

17 Segundo Bravo-Villasante, 1973: 60-62, con ocasión da súa estancia en Vichy en 1880-1881, viaxou á capital francesa, onde visitaría a Victor Hugo; a comezos de 1885 –consumada xa a discreta separación do seu matrimonio– pasa unha longa tempada en París: desde alí escribe en xaneiro a Menéndez Pelayo (Revuelta, ed., *Epistolario*, VII, 1982: 555-57) e en marzo a Pereda (González Herrán, 1983: 272-274). O capítulo VI das memorias de Narcís Oller ofrece un minucioso relato das andanzas parisienses de dona Emilia nos invernos de 1885 e 1886, avalado coa transcripción de varias cartas da coruñesa ó escritor barcelonés (Oller, 1962: 75-101).

18 Cfr. a este propósito o meu artigo de 1998.

unha longa carta) e Eça de Queiroz, obxecto tamén doutra das crónicas¹⁹.

POR LA ESPAÑA PINTORESCA, 1896

Entre 1890 e 1894, a nosa autora parece concentra-la súa afección viaxeira en España: ademais dun par de excursións por Galicia (Ourense, Betanzos), ocúpase de rexións ata entón desatendidas nos seus escritos (Castela a Vella e a Nova, León, A Mancha, a montaña cántabra), andanzas das que irá deixando puntual testemuño en varias crónicas, publicadas nos diarios *El Imparcial* e *La Época*, e na súa revista *Nuevo Teatro Crítico*.

Acaso como resumo desas ‘andanzas españolas’, en 1895 publica en *La España Moderna* un extenso artigo, “El viaje por España”, tan interesante coma pouco coñecido, pois a autora non o recolleu como tal en ningunha das súas recompilacións²⁰. A súa intención é demostrar que “el viaje por España es tal vez el más deleitable que puede realizar una persona dotada de cultura y de conocimientos en arte y en historia, siempre que esta persona sea capaz de prescindir de ciertos hábitos que constituyen la rutina de la vida civilizada actual” (76); en consecuencia, o seu *estudio* —que así o denomina— pasará revista ás penosas condicións a que debe someterse ese viaxeiro por España: as hospedaxes, as comidas,



Emilia Pardo Bazán ós 45 anos, de Joaquín Vaamonde.

os trens (se cadra o asunto máis detida e criticamente tratado). Malia todo isto, ese viaxeiro pode atopar aínda tesouros de historia e arte (“a pesar de despojos y ocultaciones, España es un relicario, un cofre cincelado de perlas”, 90) e alcanzará a descubrir “lo más íntimo, delicado y hermoso, la fisonomía verdadera de España, lo simpático y original de nuestro modo de ser” (91), sempre que atenda estes consellos:

Si queréis viajar con gusto y con las menores privaciones posibles, adaptaos a la tierra que pisáis; entrad en ella hasta el cuello, despojándoos de la piel del *hombre viejo* civilizado, naciendo tantas

¹⁹ Boa parte destas páxinas de índole literaria faltan na versión de 1899.

²⁰ Aínda que reutilizou algúns parágrafos nos artigos “Fondas y posadas”, “Desde el tren” e “Un sarao”, recollidos en *Por la Europa católica* (1902).

veces como regiones distintas hayáis de atravesar.

[...]

Una noción que quisiera inculcar profundamente a los extranjeros que se propongan visitarnos es que no deben formarse de España un concepto unitario, porque no la comprenderían bien. España es múltiple, compleja, y sus regiones contrastan violentamente las unas con las otras; y el que llegue aquí persuadido de que va a encontrar una nota esencial y saliente que ella sola resume el carácter de España, se equivoca. (92 e 94)

A conclusión deste notable ensaio reviste un especial interese, especialmente se a consideramos á luz do debate *españolización / europeización*, que tan vivo había ser nesa década final do XIX: “A los españoles nos conviene mucho salir de nuestra casa para rectificar prejuicios, para adquirir tolerancia, amplitud de miras y bien entendido espíritu moderno; pero séame lícita la arrogante afirmación de que si efectos educadores surtirá en el español la vuelta por Europa, iguales o mayores puede causar en el europeo la *tournee* por España” (97).

Ó ano seguinte (1896) Pardo Bazán reunía aqueles artigos (coa excepción precisamente do publicado en *La España Moderna*) nun pequeno tomo en oitavo e pouco máis de 190 páxinas que facía o número 32 da “Colección Diamante”, *Por la España pintoresca. Viajes*; a metade primeira do volume ocúpao a serie titulada “Desde

la Montaña”, nove artigos que publicara entre agosto e novembro de 1894 en *La Época*²¹, con ocasión dunha estadía súa nun balneario cántabro de Ontaneda nos primeiros días daquel verán.

Como explicamos nunha recente edición santanderina desa serie (*Desde la Montaña*, 1997), malia ó que as cousas puideran cambiar nos máis de cen anos transcorridos desde que dona Emilia e a súa filla Blanca visitaron aquela rexión, bastantes das súas descrições e comentarios conservan aínda plena vixencia: sexan as referidas á paisaxe (as impresións do viaxeiro que atravesaba en ferrocarril as Hoces de Bárcena, a delicia das floridas praderías torancesas e pasiegas, o ameno itinerario de Santillana a Comillas) ou os paisanos (o insondable carácter pasiego, o prurito señorial e as ínfulas xenealóxicas do fidalgo montañés). Noutras ocasións, o atractivo obedece á desaparición ou ós cambios na realidade evocada (a experiencia hospitalaria do doutor Madrazo, a fugaz puxanza industrial de Comillas, o encanto dos vellos balnearios). Por outra parte, e como é habitual na súa literatura de viaxes, dona Emilia ten sempre a punto a correspondente referencia dunha lectura alusiva ó lugar que visita, ó personaxe ou episodio que evoca, froito dunha coidadosa documentación previa. Xa que logo, estes artigos son tamén un brevario de historia, arte e literatura da rexión, aínda que por veces o alarde erudito,

21 E tamén no diario santanderino *El Atlántico*, que as foi reproducindo con escasas semanas de diferenza; vid. o detalle desas publicacións na “Nota editorial” da nosa edición de *Desde la Montaña* (1997: 23).

por máis que sexa curioso ou instructivo, pode semellar importuno. Como é obrigado nesta clase de escritos, non faltan as minuciosas descrições de lugares e monumentos, que resultan especialmente notables cando a autora, arrecunchando a información libresca, se deixa levar pola súa imaxinación literaria (o faladoiro perediano, o claustro da Colexiata de Santillana, as Covas de Altamira), pon en xogo a súa aguda observación (o contraste entre os *talleres* literarios de Menéndez Pelayo e Pérez Galdós, a falta de *pátina* nos monumentos de Comillas) ou discorre con interesante lóxica (as hipóteses e teorías sobre as pinturas prehistóricas).

O resto do volume *Por la España pintoresca* ocúpano os artigos antes mencionados: “La semana santa (Alcalá, Guadalajara, Sigüenza)”, “Los Santos de Valladolid”, “Medina de Ríoseco”, “Días toledanos”, “San Pedro das Rocas” e “El mediado en Betanzos”. Máis có contido específico de cada un deles —que aquí non podo determe a comentar—, impórtame lembra-lo que noutro lugar notamos a propósito destes textos de viaxe próximos á fin de século; “una dimensión muy sugestiva y acaso no suficientemente valorada: el tono preocupadamente reflexivo que tiñe sus páginas cuando aprovecha el viaje para meditar sobre la situación española, su pasado y su crítico presente, parece anunciar algunos de los *motivos* característicos del ensayo noventayochista [...] Si uno de los rasgos más

convencionalmente *noventayochistas* es la actividad viajera en busca de la España de siempre —emblemáticamente representada en la olvidada Castilla, sus pueblos, villas, monumentos y gentes—, le cabe a Pardo Bazán un papel pionero”²².

CUARENTA DÍAS EN LA EXPOSICIÓN, 1901

En 1900 outra Exposición Universal en París daba nova ocasión a dona Emilia de exercer de correspondente para o diario madrileño *El Imparcial*, onde publicou entre o 16 de agosto e o 3 de decembro de 1900 unha serie de trinta e nove artigos, que ó ano seguinte reuniría nun libro co mesmo título (tomo XXI das súas *Obras Completas*). “Vengo a ella —declaraba— con la fe en el progreso que siempre me alentó y que las desdichas de mi patria han exaltado” (23): esta inicial alusión ó recente desastre de 1898 dános idea do seu talante e do ton *noventayochista* que tinxirá boa parte das súas observacións. Así, o seu obxectivo preferente será comprobar “cómo ha respondido al llamamiento la veterana de los tercios de Flandes, la rendida y maltrecha nación peninsular” (33). Ó longo das crónicas ten ocasión de referirse —de modo crítico e pesimista— ás máis diversas manifestacións da vida económica, comercial, industrial ou cultural, da súa nación, tal como se amosan neste escaparate universal,

22 Cito da introducción a *Desde la Montaña* (1997: 8-9).



Exposición Universal de 1900. Os parques do Trocadero e do campo de Marte. Fotogravado da época.

onde contrastan dolorosamente coas achegas doutros países.

Comezando polo propio pavillón español (que “causa una impresión solemne de grandeza, grandeza melancólica [...] No cabe mayor intimidad *con lo que fue*, ni más total y desdeñoso divorcio de *lo que es*”, 48), pasa revista ó que nel se exhibe: os produtos alimenticios (onde nota flagrantes ausencias: “que los yanquis nos hayan quitado Cuba y ya exhiban por suyos los vegueros y los habanos, malo; que hayan hecho otro tanto con Puerto Rico y envíen café y piñas, peor; que aplicando el procedimiento a Filipinas, puedan enviar abacá y sándalo, rete-peor; pero que sin conquistar todavía la

Península, tengan aquí en su sección la naranja de Valencia, por nosotros omitida, lo mismo que tantas cosas... eso sí que no acierto a calificarlo”, 68), as escasísimas mostras industriais (“Por lo aquí expuesto no se sospecha cuál pueda ser nuestra industria [...] No seremos de las primeras naciones industriales; pero somos más, mucho más de lo que aquí parece”, 88), o material escolar (“para las naciones o *fuertes* o solamente *sanas*, que se encuentran en periodo de incremento y vigor, que en vez de decrepitud manifiestan virilidad, la enseñanza es, en efecto, el número uno, la preocupación incesante, lo sagrado”, 119), os armamentos (onde a representación españo-

la tamén decepciona: unha vitrina de tres metros de alto con “tres roses, doce condecoraciones, y quince o veinte puños de espadas y sables de honor. A derecha e izquierda de la cristalera, dos mapas con los uniformes del ejército español, entre los cuales figuran los que usaban nuestras fuerzas en la isla de Cuba”, 170), os pavillóns de horticultura e xardinería (“nosotros en esta sección no estamos representados. ¡A no ser que consideremos nuestras las naranjas de Valencia... cultivadas y expuestas por los yanquis! Dos columnas altísimas, que revestidas de naranjas parecían dos estelas de oro, me recordaron aquellas de nuestro escudo, las de *Plus Ultra...*”, 174-75).

Aínda que a atención preferente da cronista se dedique á representación española, hai tamén abundantes noticias e comentarios acerca de todo o exposto nos diversos pavillóns, mostra dunha variadísima arquitectura (“aquella [a de 1889] fue Exposición de ingenieros, esta de arquitectos”, 36); ocasionalmente detense nos dalgunhas nacións (as de América Latina, Transvaal, Xapón), pero en xeral desenvolve a súa explicación segundo as seccións temáticas que organizan os contidos da exposición: a indumentaria, o ensino (do que na representación escandinava pondera a atención concedida á alimentación e a hixiene escolar), as misións católicas, os modernos

medios de locomoción, a industria bélica, a xardinería, as atraccións e diversións, as belas artes, a xoiería, o chamado Palacio da Natureza²³.

Aínda que non se atreve a declaralo seu balance conclusivo, é claro que se sente decepcionada (“yo esperaba de España un arranque viril o una abstención cauta y prudente, fundada en nuestro luto”, 283) pero non pesimista; o libro conclúe cunha esperanzada declaración: “Esta vez, como antes, no serán los soldados rasos, no será la masa anónima la que nos haya perdido. La masa se compone de buena harina y trigo sano [...] Falta la levadura. ¡Dios nos la envíe!” (283).

POR LA EUROPA CATÓLICA, 1902

Entre agosto e decembro de 1901 a nosa autora publicaba en *El Imparcial* unha serie de artigos con motivo dunha viaxe polos Países Baixos; ó ano seguinte reuniría eses artigos (engadindo outros, tamén de viaxes) no volume XXVI das súas *Obras Completas*. Dado que a materia belga é a predominante no libro, este leva unha previa “Advertencia al que leyere”, onde explica as dúas razóns —ou “argumentos”— da súa viaxe:

El primer argumento es social. Yo me dirigí a Bélgica movida por el deseo de ver cómo funcionaba una nación donde los católicos ocupan el poder desde hace

23 Ademais do relativo á Exposición Universal, a súa dilatada estancia permítelle referirse a outros asuntos de actualidade (a comparación entre a vida madrileña e a parisiense, un congreso feminista, Balzac, Rodin, Pasteur); e, camiño de París, comenta as condicións da viaxe en tren e dedica interesantes páxinas ó seu paso por León e San Sebastián.

diecisiete años, y donde, sin embargo, no se ha acentuado indiscretamente el espíritu conservador [...] El segundo argumento es artístico. A pesar mío y por natural disposición de mi espíritu, ya emprendido el viaje, el arte me atrajo, y robó espacio a mi somera indagatoria social.

De acordo con isto, varios dos artigos (“Primer testimonio”, “La Abadía de Maredsus”, “Un obispo”, “Trabajadores de la viña”, “Más trabajadores. La Gilde”, “Gante. Relámpago rojo”) ocúpanse da análise desa sociedade que, sendo predominantemente católica como a española, conta entre as máis adiantadas de Europa, o que demostra “que de todos modos se puede ser europeo, y que los males de España no deben achacarse al catolicismo, sino a la manera que tuvimos siempre de entender y practicar esta religión de paz y dulzura” (21). Así pode comprobar non só as notables diferencias entre o catolicismo belga e o español (“No estoy, no, en España. No pululan, a la sombra de este convento, mendigos ni engurrinadas viejas de pueril espíritu devoto [...] la devoción, practicada naturalmente y sin respeto humano, no es como suele ser entre nosotros, cosa abandonada por los hombres, aun por los que más se precian de católicos, para que la recoja, a título de distracción inofensiva, el elemento femenino”, 41), senón outra cuestión que se revela como principal obxecto da súa viaxe: o contraste entre as cooperativas católicas belgas e o movemento obreiro socialista.

Pero, ademais de político-social, este é tamén un periplo artístico, pois —como titula o capítulo IV— está en “El país de la pintura”; a iso dedica, amais de ocasionais referencias, os capítulos titulados “Amberes. Un museo católico”, “Reposo en el pasado. El museo plantino”; e especialmente, “Gante. El cordero místico”, onde ofrece un notable estudio e interpretación do famoso tríptico de Van Eyck (que tan destacado papel terá logo na súa novela de *La Quimera*), ademais de formular unha interesante declaración sobre a súa particular maneira de acercarse á obra de arte: “Yo percibo la obra —declara— de un modo sintético; la siento en mí entera, avasalladora. Realmente ¿qué es el arte sino condensación de nuestra sensibilidad? ¿Se concibe el arte como algo perfecto fuera de y sobre nosotros?” (102).

A segunda metade do volume está formada por catro series, dedicadas respectivamente a outras viaxes súas por Francia (unha visita a Bordeos —e as súas bodegas— con ocasión dun congreso de linguas romances naquela cidade), Portugal (outro congreso internacional de xornalistas en Lisboa), Castela (as fondas e pousadas, Segovia, as igrexas e riquezas artísticas de Toledo, O Escorial, o recordo de Cervantes en Esquivias), Aragón (o Pilar de Zaragoza, o Mosteiro de Pedra) e Cataluña (a súa moderna industria téxtil, os templos de Barcelona, Xirona, Figueras, o Cau Ferrat).



Milán. *Il Duomo*.

NOTAS DE UN VIAJE POR LA ITALIA DEL NORTE, 1902

Quero terminar este repaso á literatura de viaxes pardobazaniana aludindo a unha obra que non é súa, mesmo que lle sexa ben próxima: o primeiro libro de Jaime Quiroga Pardo-Bazán²⁴, o primoxénito de dona Emilia. Non é estraño que esta, convencida do valor educativo do viaxar, o compartise ás veces cos seus fillos²⁵, estimu-

lando neles esa afección e se cadra animándoos a imita-lo seu exemplo: parece indubidable que aquela primeira publicación do rapaz —que nacera en 1876— debe moito ó apoio da súa nai, a teor do establecemento tipográfico en que se imprime (Idamor Moreno, onde por eses anos saían os tomos de *Obras completas* daquela) e do anuncio que consta na contraportada: “Los pedidos a la Administración de las obras de E. Pardo Bazán.

24 Aínda que na contraportada se anuncian como “del mismo autor” dúas novelas, *Sicut Vita...* (“en prensa”) e *Memorias de un cunero* (“en preparación”), non nos consta que chegasen a publicarse; só temos noticia de *Aventuras de un francés, un alemán y un inglés* (Madrid: Idamor Moreno, s. a.), libro que nalgún catálogo figura como *Obras completas de Jaime Quiroga Pardo-Bazán, Tomo II*.

25 “En 1889 lleva consigo a Jaime y a Blanca a la exposición de París, y también recorrerá acompañada por sus dos hijas, Blanca y Carmen, algunos itinerarios de *Por la España pintoresca*” (Freire, 1999: 210).



Venecia. *El Gran Canal*, de Canaletto (1730).

San Bernardo, 27, principal” (que era o domicilio familiar).

No mesmo ano en que a nai publicaba as notas da súa recente viaxe polos Países Baixos, o fillo fai outro tanto co seu pola Costa Azul francesa e o norte italiano (Tarascón, Niza, Montecarlo, Ventimiglia, Xénova, Mián, Pavía, Locarno, Venecia²⁶). Non procede aquí o comentario dese raro libro, hoxe case esquecido, aínda que ben merecería a nosa atención, e non só polos apelidos do autor; pero para o obxecto que agora nos ocupa é pertinente —e suxestivo— confrontar estas

notas coas escritas pola súa nai trinta anos antes, a propósito dos mesmos lugares: así, verbo do cadro *Il Cenacolo*, de Leonardo da Vinci, os comentarios sobre o seu estado de abandono son coincidentes, pero as opinións sobre *Il Duomo* milanés son discrepantes: se para Emilia era “la más perfecta del mundo [...] éxtasis traducido en piedra”, a Jaime parécelle “una tarta inmensa”; e semella recolle-la imaxe suxerida pola súa nai (“enorme masa de mármol blanco [de] ligereza tan increíble [que combina] armoniosamente estos centenares de finas agujas, caladas como el encaje de un

²⁶ No seu capítulo XLIII, “Final”, promete unha continuación por Florencia, Roma e Nápoles, publicación da cal non temos constancia.

vestido de boda”) para deformala grotescamente: “Figuraos un encaje precioso de Bruselas sobre el cuerpo de voluminosa jamona; si miráis el encaje, solamente veréis la delicadísima trama, el fino dibujo; pero si contempláis el total del adorno, lo deforme es lo que aparecerá a vuestra vista” (96). Por outra parte, a falta das follas dedicadas a Venecia no manuscrito hoxe conservado dos *Apuntes* de 1873 acaso teña relación co feito de que case a metade das 290 páxinas destas *Notas* de 1902 se ocupen da cidade dos canais. ¿Servíuse para elas do vello texto da súa nai? En tal caso, os parágrafos que citarei do capítulo XXV, “Venecia de noite”, permitirían remediar —sequera sexa como conxectura— aquela perda, ademais de mostrar ata qué punto soubo Jaime asimila-lo exemplo de tal mestra. E poden servirnos tamén como broche conclusivo desta aproximación á literatura de viaxes de Pardo Bazán.

La primera sensación que produce Venecia es de tristeza hondísima y de compasión respetuosa. Yo no sé si en ello tienen parte la calma, la muda soledad que a las altas horas de la noche invaden los canales [...] lo cierto es que se penetra en la ciudad del Dux como puede penetrarse en su cementerio. El viajero siente la emoción que inspira lo que fue grande, glorioso, ilustre, y hoy, envuelto aún en el derrotado manto de su dignidad, conserva sólo la añoranza de sus perdidos esplendores.

[...]

Lo más característico de Venecia es el solemne silencio: duerme la ciudad, y ni

el murmullo de las olas, monótona cantinela de las playas abiertas, turba su reposo de muerte. Duerme Venecia y duerme el Adriático, duermen los góticos y bizantinos palacios, duermen las multicolores iglesias de profusa ornamentación. Y sólo se siente el suavísimo deslizarse de la góndola por los negros canales, el pausado golpe del remo, el fúnebre grito del *barcajuolo* al llegar a una esquina.

[...]

El espectáculo de esta catástrofe que se ha tragado a toda una raza histórica, es lo que presta a Venecia su melancólico aspecto. La Reina no ha resistido a la ruina de sus cortesanos, y entregada en manos de explotadores venales de su belleza, arrastra trabajosamente su vida sin objeto, fijos los ojos en el sueño ilustre de un pasado que jamás ha de volver (167-170).²⁷

BIBLIOGRAFÍA CITADA

1. TEXTOS DE EMILIA PARDO BAZÁN

1.1. INÉDITOS

Apuntes de un viaje. De España a Ginebra [manuscrito conservado no arquivo da Real Academia Galega], 1873.

1.2. LIBROS:

De mi tierra, A Coruña: Tip. Casa de la Misericordia, 1888.

De mi tierra, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1984.

²⁷ Este traballo enmárcase no Proxecto “Investigacións sobre o fondo documental de Emilia Pardo Bazán”, que dirixo na Universidade de Compostela, con financiamento do “Programa Sectorial de Promoción Xeral do Conocemento de la DGESIC” (Proxecto1997 / PD019). Agradézolles ós meus colegas Cristina Patiño Eirín e Luis Iglesias Feijoo a súa axuda para a localización e consulta dalgúns dos textos e edicións aquí comentados.

Mi romería. (Recuerdos de viaje), Madrid: Imp. e Fund. de M. Tello, 1888.

Al pie de la Torre Eiffel (Crónicas de la Exposición), Madrid: La España Editorial, s. a. [1889].

Por Francia y por Alemania (Crónicas de la Exposición), Madrid: La España Editorial, s. a. [1889].

Al pie de la Torre Eiffel [reúne *Al pie de la Torre Eiffel* e *Por Francia y por Alemania*], *Obras completas*. XIX, Madrid: edición da autora, s. a. [1899].

Por la España pintoresca. Viajes, Barcelona: Antonio López Editor-Librería Española, s. a. [1896].

Desde la Montaña [de *Por la España pintoresca*], edición de J. M. González Herrán e J. R. Saiz Viadero, Santander: Tantín, 1997.

Cuarenta días en la Exposición, Obras Completas, XXI, Madrid: ed. da autora, s. a. [1901].

Por la Europa católica, Obras Completas, XXVI, Madrid: ed. da autora, s. a. [1902].

1.3. ARTIGOS NA PRENSA PERIÓDICA (EXCLÚENSE OS RECOLLIDOS NOS LIBROS CITADOS):

“Galicia y sus capitales. (Fisonomías cívicas). I. La Coruña”, *El Heraldo Gallego*, núm. 292, 5 de decembro de 1878, páxs. 425-227; núm. 297, 31 de decembro de 1878, páxs. 457-459; núm. 300, 10 de xaneiro 1879, páxs. 19-22.

“Bocetos del paisaje gallego”, *La Ilustración Gallega y Asturiana*,

núm. 11, 18 de abril de 1880, páx. 134.

“Por la España vieja: Tordesillas”; “Por la España vieja: Villalar y sus campos”; “Por la España vieja: El castillo de Simancas”, *El Imparcial*, 3 e 24 de agosto, 2 de novembro de 1891.

“De mi tierra [Ribadavia, Melón, Junquera, Allariz, Mezquita]”, *El Imparcial*, 13, 27 de novembro, 11 de decembro de 1893.

“El viaje por España”, *La España Moderna*, tomo IV, novembro 1895, páxs. 76-97.

1.4. OUTROS TEXTOS:

“Prefacio” a *Un viaje de novios* [1881], en *Obras Completas, I (Novelas)*, ed. de D. Villanueva e J. M. González Herrán. Madrid: Biblioteca Castro - Fundación José Antonio de Castro, 199, páxs. 195-199.

“Apuntes autobiográficos” [1886], en *Obras Completas, II (Novelas)*, ed. de D. Villanueva e J. M. González Herrán. Madrid: Biblioteca Castro - Fundación José Antonio de Castro, 1999, páxs. 5-59.

2. ESTUDIOS

Bravo-Villasante, C., *Vida y obra de Emilia Pardo Bazán*, Madrid: Editorial Magisterio Español, 1973.

Clémessy, N., *Emilia Pardo Bazán, romancière (La critique, la théorie, la*

- pratique*), París: Centre de Recherches Hispaniques, 1973.
- Freire, A. M., "Los libros de viajes de Emilia Pardo Bazán: El hallazgo del género en la crónica periodística", en S. García Castañeda (ed.), *Literatura de Viajes. El Viejo Mundo y el Nuevo*, Madrid: Castalia, 1999, páxs. 203-212.
- González Herrán, J. M., "Emilia Pardo Bazán y José María de Pereda: algunas cartas inéditas", *Boletín de la Biblioteca de Menéndez Pelayo*, LIX (1983), páxs. 259-287.
- "Emilia Pardo Bazán ante el 98 (1896-1905)", en L. Romero Tobar (ed.), *El camino hacia el 98. (Los escritores de la Restauración y la crisis del fin de siglo)*, Madrid: Fundación Duques de Soria-Editorial Visor, 1998, páxs. 139-153.
- "Un inédito de Emilia Pardo Bazán: *Apuntes de un viaje. De España a Ginebra (1873)*", en S. García Castañeda (ed.), 1999, páxs. 177-187.
- González Herrán, J. M., e J. R. Saiz Viadero, "Introducción" á súa ed. de Emilia Pardo Bazán, *Desde la Montaña [de Por la España pintoresca]*, Santander: Tantín, 1997, páxs. 7-22.
- Oller, N., *Memòries literàries. Història dels meus llibres*, Barcelona: Aedos, 1962.
- Ortas Durand, E., *Viajeros ante el paisaje aragonés (1759-1850)*, Zaragoza: Institución "Fernando el Católico", CSIC, 1999.
- Patiño Eirín, C., "El viaje en el itinerario de la escritura de Pardo Bazán", relatorio no Congreso Internacional *La construcción de la identidad española e hispanoamericana* (Valladolid, xuño de 1997), Universidade de Valladolid-Duquesne University [inédita].
- Pérez Romero, E., *Los artículos periodísticos de Emilia Pardo Bazán*, tese de doutoramento presentada na Universidade Complutense de Madrid en novembro de 1999 [inédita].
- Quiroga Pardo-Bazán, J., *Notas de un viaje por la Italia del Norte. Niza, Mónaco, Monte-Carlo, Génova, Milán, Pavía, el Lago Mayor y Venecia*, Madrid: Idamor Moreno, 1902.
- Revuelta Sañudo, M. (ed.), Marcelino Menéndez Pelayo, *Epistolario*, VII, Madrid: Fundación Universitaria Española, 1982.
- Romero Tobar, L., "Viaje y géneros literarios", en M. Santos Zas, L. Iglesias Feijoo, J. Serrano Alonso e A. de Juan Bolufer (eds.), *Valle-Inclán (1898-1998), Escenarios. Seminario Internacional*, Santiago de Compostela: Universidade, 2000, páxs. 221-238.